



**EXPOSICIÓN DE
ILUSTRACIÓN,
CÓMIC E BANDA DESEÑADA**

'Sala Sonda Norte' Ribadeo

6 de xullo - 3 de agosto 2012

"RESEÑAS ARTISTAS"

Velaquí o resultado, un dos resultados posíbeis, da primeira exposición colectiva de Sonda Norte, centrada fundamentalmente na ilustración e na banda deseñada feita en Ribadeo. Dicimos un dos resultados posíbeis porque obviamente toda exposición conleva uns criterios de escolla e unha selección feita en base a eles. Na que tedes entre as mans -que poderedes ver na Casa da Xuventude - do 7 de xullo ao 3 de agosto- quixemos ter perspectiva histórica e estar abert@s ao presente, asumíndomos a flexibilidade e a diversidade como valores a ter en conta. Sexa como for, estamos contentos e orgullosos de todo o traballo feito, que agardamos sexa útil na difusión do talento e da creatividade das e dos nosos artistas.



Obra de Suso Peña (Ribadeo, 1941-2005). Acompaña esta exposición un pequeno conxunto de obras do finado Suso Peña. Desde láminas orixinais ata publicacións en diferentes medios, quixemos que estivesen presentes na sala, de cara a facer visible que a ilustración e o cómic xa veñen de lonxe en Ribadeo.



Jorge Monlongo (Ribadeo, 1977). Fai cómics, ilustra libros e revistas, deseña videoxogos, pinta en lenzos e paredes. Combina técnicas tradicionais e dixitais para crear mundos en bonitas cores que a cotío encerran terribles segredos.

Pódense ver os seus traballos en prensa (EL País, Muy Interesante, Rolling Stone) e ler a súa serie de cómic, Mameshiba, publicada por Viz nos USA.

<http://monlongo.com/>

monlongo@yahoo.es



Nacho Riesco (Madrid, 1973). Comezou, como case todo o mundo, cun só lápiz. Pasando despois por diferentes medios como acrílicos, acuarelas, óleos, etc. Sendo, o aerógrafo, unha das súas ferramentas máis importantes durante moitos anos, que o levou a exercer como mestre na materia. A súa formación foi totalmente autodidacta, sendo a súa paixón pola arte o que o levou a adquirir os coñecementos que ten hoxe en día.

Actualmente está inmerso totalmente no mundo dixital, despois de descubrir as posibilidades de Adobe Photoshop e Pixologic Zbrush (3D), sendo ambos programas as súas principais ferramentas de traballo. A fantasía e a ciencia ficción son os temas dos que adoita botar man para inspirarse.

<http://www.wix.com/riesconacho/illustracion>

riesconacho@gmail.com



Fernando Couto (São Paulo-Brasil, 1988). Intereses: Pintura, Debuxo, Música, Cine, entre outras raíces da arte.

Producción creativa: pinturas e debuxos empregando diversos materiais e técnicas, actualmente co papel como principal soporte.

www.fernandocouto.carbonmade.com

fernandocoutoarte@hotmail.com



Andrea Lombardía (Ribadeo, 1990). Sempre interesada polo mundo das artes, estudou o Bacharelato Artístico no IES Severo Ochoa de Luarca. Neste momento, con 21 anos, cursa o terceiro ano de Deseño Gráfico na Escola de Arte e Superior de Deseño Ramón Falcón de Lugo, onde descubriu moitos métodos de expresión plástica, tanto manual como dixital: a fotografía, a ilustración, a publicidade (carteis, logotipos, maquetación...) e incluso o mundo audiovisual.

O seu principal obxectivo é que a xente goce a través da arte, que comunique e mesmo que lle atopen unha utilidade como, por exemplo, a decoración de escaparates ou paredes (mediante debuxos). Disposta a seguir formándose, aprendendo e ofrecendo cada vez máis.

andrea.lombardia@hotmail.com



Ánxela López Pulpeiro (Ribadeo, 1983). Pinta, debuxa, fai e desfai, como ela mesma se define. Unha artista en constante evolución que xoga coa descontextualización de obxectos e coa busca da pegada que o tempo, con todas as súas consecuencias, deixa nos seres vivos.

Foi autodidacta ata que comezou os seus estudos artísticos na Escola de Arte e Superior de Deseño Ramón Falcón de Lugo, conseguindo o título en Artes Plásticas e Deseño en Cerámica Artística. O seu seguinte paso foi graduarse en Belas Artes na Facultade de Belas Artes de Pontevedra.

Tanto a pintura, o debuxo, a escultura, performances, intervencións como fotografía artística ou video-arte, son as disciplinas que dan mostra do seu traballo. Ten participado en varias edicións de Mariñarte e formado parte do xurado nalgúns concursos de pintura.

anxe_23@hotmail.com



Héctor Peña (Ribadeo, 1981). Afeccionado aos debuxiños dos libros desde pequeno, interesouse polo cómic na adolescencia e comezou a debuxar cando era un mozo. En 2007 e en 2008 fixo algúns cursos de banda deseñada a distancia. Desde entón, tivo a oportunidade de impartir el mesmo cursos de iniciación para as e os máis pequenos da Mariña e do Occidente de Asturias.

b-shirts@live.com



Jotace (Ribadeo, 1989). Relacionado coa pintura desde neno, obtén varios premios en concursos de debuxo e gaña, tres anos consecutivos, o “Certame de debuxo do día do libro” a nivel provincial.

A afección pola fotografía levouno a a gañar varios premios e a expoñer en varios equipamentos tanto na vila de Ribadeo como noutros municipios asturianos como Luarca ou Xixón.

Realiza traballos de deseño gráfico como trípticos, logotipos, carteis, imaxe corporativa en xeral, deseño publicitario, deseño web, maquetación, etc. Todos eles moi relacionados coa ilustración e a tipografía.

Vén de rematar o Grao Superior de Deseño Gráfico na Escola de Arte e Superior e Deseño Ramón Falcón de Lugo.

<http://www.myspace.com/jotacedesign>
jotacecrea.info@gmail.com



Chenchu López (Ribadeo, 1975). Leva trece anos traballando con cariño, con humor e con implicación neste mundiño do pixel que chamamos nube. Antes, xa estaba na 'nube' da Banda Sinfónica Municipal de Ribadeo e na *nuít* ribadense e intenta seguir nela.

O seu traballo actual consiste, segundo el mesmo, en entusiasmar ao cliente e ver un proxecto a través dos seus ollos. O pracer de traballar con xente boa, o deporte de facelo cada vez mellor e a satisfacción de entregar calidade, recoñece, é a base da súa motivación, algo que xa aprendeu tocando o bombo.

cesar.lopez@netex.es



Laura Rodríguez (Getafe-Madrid, 1994).

Fai anos que se interesou polo manga e, en consecuencia, polo debuxo. Vén de gañar o segundo premio das IV Xornadas de Banda Desexada que organiza o IES Perdouro de Burela. Admite que ten intención de levar esta afección ao profesional e debuxar historias das que poda sentirse orgullosa, e que cheguen á xente tanto como lle chegaron a ela. É a máis nova do conxunto de artistas que participan nesta exposición.

hup-spain@hotmail.com



Munníacos Tour (Lugo, 2011). A asociación “Munníacos” nace dunha proposta realizada polo alumnado de Deseño Gráfico da Escola de Arte Ramón Falcón, con Alberto Lorenzo - Aska e Jorge Álvarez -Jotace como principais promotores, xunto á colaboración da tenda lucense “Tótem”.

O obxectivo desta agrupación consiste na customización dun ou varios munny(s) por cada participante, co fin de realizar exposicións colectivas en diferentes espazos comerciais ou salas de exposición, sen ningún ánimo de lucro. Deste xeito, logran amosar diferentes formas de expresión sobre unha mesma base tridimensional, dando lugar a diferentes técnicas pictóricas, collage, moldeado... e sobre todo a experimentación.

Teñen activo o movemento “únete”, mediante o que calquera persoa pode customizar o seu boneco Munny e sumalo á ExpoTour, poñéndose en contacto mediante **mail** ou Facebook.

www.facebook.com/tour.munniacos

munniacos@gmail.com



Arturo Mogo (Ferreira do Valadouro, 1956). A súa meirande afección é a literatura, contando mesmo cun libro de contos publicado chamado “Contos dun Ribadense, Desiderio Palazón”, mais reconece o gusto por todo o que cheira a manifestación artística e a ilusión por facer cousas no eido do debuxo.



José Pujadas (Viña del Mar-Chile, 1972). O debuxo era o seu xoguete na ditadura. Aprendeu de forma autodidacta e leva vivindo da pintura dezaioito anos.